



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL FISTERRA

*Aprobación provisional do padrón fiscal polo subministro de auga potable ano 2021*

### EDICTO

Mediante resolución da alcaldía de 12/05/2021, aprobouse inicialmente o Padrón fiscal municipal da taxa polo servizo domiciliario do subministro de auga potable correspondente ao ano 2021, co seguinte detalle:

Padrón do ano 2021 (2.706 recibos por importe total de 244.790,07 €).

O padrón aprobado expóñese ao público a efectos de reclamacións por espazo de UN MES contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia. No caso de non se presentaren reclamacións, a citada aprobación elevarase automaticamente a definitiva.

Esta exposición servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos oportunos.

Fisterra, 13 de maio de 2021

O Alcalde-Presidente

Asdo. José Marcote Suárez

2021/4136